

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 4 de novembro de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D^a. Lucia Molares Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D. José Manuel Figueroa Vila
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día catro de novembro de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está presente por invitación o concelleiro Sr. Couto Pérez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1454).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1455).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN POR SUBHASTA DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA ESCOLA INFANTIL DA RÚA PALENCIA. EXPTE. Nº 7072/332.

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 3.10.05 acorda aprobar o expediente para a contratación de por subhasta aberta das obras de construción da Escola Infantil da rúa Palencia.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 2.11.05 certifica que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo publicado no DOG nº 200 (18.10.05) e no BOP Nº 198 (14.10.05), presentáronse as seguintes proposicións: 1) Oreo, 2) Agrupconsa S.L.. 3) Const. Eiriña S.L.,

4) Const. Alea S.L., 5) Terrauga, Proyectos y Obras S.L., 6) Const. Y Contratas Suso Fernández S.L., 7) Construccoes Telhabel S.A., 8) Const. Crespo S.A., 9) Planificación, Desarrollo y Gestión de Construcciones S.A. (GPD), 10) Const. Ramirez S.L. e 11) Mantenimientos y Construcciones Alcuba S.A.

A Mesa de Contratación en sesión do 2.11.05 procedeu á apertura da documentación presentada, facendo constar que *“A oferta presentada por Mantenimientos y Construcciones Alcuba S.A. está incurso en presunción de temeridade, a mesa acorda que se inicie o procedemento para determinar a existencia ou non de temeridade en dita oferta”*.

Con data 3.11.05 a empresa Mantenimientos y Construcciones Alcuba S.A. presenta a documentación xustificativa da baixa temeraria e o arquitecto municipal da oficina de Obras e Proxectos Municipais, coa mesma data, emite informe que conclúe considerando *“que é posible a execución da obras que se contrata polo prezo ofertado pola empresa Mantenimientos y Construcciones Alcuba S.A., por un importe total de 448.355,30 euros”*.

En sesión do 3.11.05 a Mesa de Contratación, á vista do devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Mantenimiento y Construcciones Alcuba, S.A. a execución das obras de construción de unha Escola Infantil na rúa Palencia por un importe de 448.355,30 euros. Todo iso de acordo co proxecto e prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 03.10.2005 e a oferta presentada.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dez horas e cinco minutos horas. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez